

ESTATUTOS DA “ASOCIACIÓN GALEGA DE MESTRES DE AUDIÇÃO E LINGUAXE”

Capítulo I

Denominación

Artigo 1. Denominación

Coa denominación de “Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe” (A.G.M.A.L.), constitúese en Galicia unha Asociación que agrupa aos profesionais en posesión do correspondente título académico, e aqueles outros que no futuro faculten legalmente para o exercicio da profesión.

Esta Asociación non terá ánimo de lucro.

Capítulo II

Fins

Artigo 2. Os fins da Asociación

A investigación e o estudo científico e práctico dos problemas relacionados coa educación e intervención da linguaxe, a audición, a comunicación e a súas patoloxías.

Os aspectos da intervención mencionada abarcan dende o estudo dos problemas que orixinan as alteracións da voz, da palabra e a linguaxe, da audición e a comunicación, pasando pola reeducación ou rehabilitación dos trastornos



consecutivos, ata que sexan superados grazas aos medios e procedementos adecuados, levando a cabo a avaliación, intervención e asesoramento dos mesmos.

Colaborar na formación dos e das profesionais, na súa reciclaxe e en todas aquelas iniciativas que conduzan á mellora deste campo profesional específico e que coa súa divulgación redunde en beneficio da poboación afectada.

Para cumprimentar os fins mencionados esta Asociación colaborará e estimulará as publicacións especializadas, organizará e patrocinará cursos, xornadas de estudo, asembleas, congresos, etc. de alcance autonómico, estatal e internacional, procurando a asistencia dos seus asociados a este tipo de reunións.

Velar pola profesión e evitar o intrusismo.

Capítulo III

Ámbito territorial

Artigo 3.

O ámbito desta Asociación será o mesmo que o da Autonomía de Galicia, con plena capacidade xurídica e de obrar. A Xunta Directiva poderá establecer delegacións provinciais onde e cando as considere convenientes, por número de asociados, para o mellor cumprimento dos seus fins.

Artigo 4. Relacións

Para o mellor cumprimento dos seus fins, esta Asociación colaborará cos Poderes Públicos e con outras Entidades afíns e poderá adherirse, afiliarse, asociarse ou federarse con aquelas que se considere convenientes de forma que a



Asemblea Xeral acorde, tanto nacionais como internacionais, a proposta da Xunta Directiva.

Artigo 5. Duración

A Asociación constitúese con unha duración ilimitada.

Artigo 6. Domicilio

O domicilio será o do seu presidente ou presidenta, ou aquel que designe a Asemblea Xeral da Asociación, comunicándose ao órgano correspondente da Xunta de Galicia e a outros organismos os posibles cambios.

Artigo 7. Tipos de afiliación

A afiliación á Asociación poderá darse en calidade de socio ou de membros colaboradores ou protectores.

Artigo 7bis. Socios

Poderán formar parte da Asociación en calidade de socios os seguintes:

1. Socios numerarios: serán aqueles Mestres que estean en posesión do título de Mestre Especialista en Audición e Linguaxe, Mestres Especializados en Técnicas, Perturbacións ou Trastornos da Lingua e da Audición ou equivalente de Mestre Especial de Xordomudos (equiparado polo O.M. do 5-2-1979 do Ministerio de Educación e Ciencia; B.O.E. do 22-2-1979). Así mesmo, poderán ser socios numerarios os Mestres autorizados pola Administración competente para actuar como Mestres Especialistas en Audición e Linguaxe.



2. Socios de honra: Serán as personalidades e entidades acreedoras a tal distinción en virtude das circunstancias de relevancia persoal ou colectiva. Será a Asemblea Xeral a que confirme este recoñecemento a proposta da Xunta Directiva. Por méritos moi relevantes poderán conceder o título de Presidente de Honra.

3. Socios Fundacionais: Serán socios fundacionais os que figuren relacionados na Acta Constitucional da Asociación.

A solicitude de alta coma socio numerario formularase por escrito, debendo resolver a Xunta Directiva e comunicar a resolución ao interesado nun prazo non superior a dous meses.

A condición de asociado é intransmisible.

Para constancia dos asociados, en todo momento levarase un Rexistro de Socios.

Artigo 7ter. Membros colaboradores e protectores

Poderán, no seu caso, participar nas actividades da Asociación e relacionarse coa mesma en calidade de membros colaboradores ou protectores os seguintes.

1. Membros colaboradores: Poderán selo aqueles graduados (de ente autonómico ou non), nas disciplinas relacionadas coa educación e a pedagogía e que desexan contribuir co seu saber e a súa achega económica.

2. Membros protectores: Serán aqueles que, sen colaborar nas tarefas da Asociación, teñan unha actitude de axuda cara a mesma, material ou técnica, e poderán selo por vontade propia ou proposta pola Xunta Directiva.



Capítulo IV

Os afiliados

Artigo 8. Dereitos dos socios e socias

1. Os dereitos que corresponden aos socios e socias son os seguintes:
 - A participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito ó voto, así como a asistir a Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos.
 - A elixir e ser elixido membro do órgano de representación.
 - A ser informados sobre a composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade. Poderán acceder a toda a información a través dos órganos de representación.
 - A ser escoitado con carácter previo á adopción das medidas disciplinarias contra el, e a ser informado dos feitos que deán lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
 - A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios a Lei ou os Estatutos.
 - A ser representado por outro socio na Asemblea Xeral sempre que por razón de distancia, enfermidade, imposibilidade, etc... non poda asistir as súas reunións, outorgando por escrito a súa representación.
2. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás asembleas con voz pero sen voto.



Artigo 8bis.- Dereitos dos membros colaboradores ou protectores

Os membros colaboradores ou protectores terán dereito a recibir información sobre as actividades e proxectos da asociación, reunións, cursos, etc, así como Congresos internacionais de interese de acordo co criterio da Xunta Directiva. Terán dereito a voz pero non a voto.

Artigo 9. Deberes dos socios e socias

1. Os deberes que corresponden aos socios e socias son os seguintes:

- Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- Pagar as cotas, derramas e outras contribucións que, conforme cos Estatutos, poidan corresponder a cada socio.
- Acatar e cumprir dos acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.
- Achegar a súa actuación ás disposicións estatutarias.

2. As persoas asociadas de honra estará eximidas do pago de cuotas, derramas e outras contribucións.

Artigo 9bis. Deberes dos membros colaboradores ou protectores

1. Os deberes que corresponden aos membros colaboradores son os seguintes:

- Contribuír co pago da cota anual fixada pola Asemblea.



- Prestar a súa axuda e desenvolver aquelas actividades concretas tendentes a servir os fins da Asociación, que puidese solicitar a Xunta Directiva.

2. Os deberes que corresponden aos membros protectores son os seguintes:

- Prestar a axuda que razoablemente lles sexa solicitada mantendo os contactos adecuados coa Xunta Directiva cada vez que as necesidades económicas da asociación así o aconsellen segundo o criterio de dita Xunta Directiva.

Artigo 10. Causas de baixa

A calidade de socio adquirese voluntariamente, sendo causa de baixa na Asociación:

- a. A propia vontade do interesado, comunicada por escrito aos órganos de representación. Poderá percibir a participación patrimonial inicial e outras contribucións económicas realizadas sen incluír as cotas de pertenza a Asociación e sempre que a redución patrimonial non implique prexuízos a terceiros.
- b. Non satisfacer as cotas fixadas nun máximo de tres meses da data de pago. Os socios que foran dados de baixa por falta de pago das cotas e desexen ser socios de novo, terán que satisfacer as cotas non pagadas antes de ser dados de alta novamente.

A baixa como socio leva á perda de tódolos dereitos que se lle recoñecesen nestes Estatutos.



Artigo 11. Réxime sancionador

A separación da Asociación dos asociados por motivos de sanción terán lugar cando cometan actos que os faga indignos de seguir pertencendo a ela.

Presumirase que existen estes tipos de actos:

- a. Cando deliberadamente o asociado impida ou poña obstáculos ao cumprimento dos fins sociais.
- b. Cando intencionadamente obstaculice de calquera maneira o funcionamento dos órganos de goberno e representación da Asociación.

En calquera caso para acordar a separación por parte do órgano de goberno, será necesario a tramitación dun expediente disciplinario que contemple a audiencia do asociado afectado.

No caso de que a asemblea xeral deba resolver sobre o recurso da expulsión dun socio numerario será a través dunha votación nominal e en segredo, e esixirá que sexa votada a expulsión polos dous terzos dos asistentes á mesma como mínimo, nunha primeira convocatoria e pola maioría simple nunha segunda convocatoria. As resolucións da Asemblea Xeral só poderán ser modificadas pola Asemblea Xeral ou pola sentenza dos Tribunais

Capítulo V

O Órgano de Goberno

Artigo 12. Órgano de goberno

Os órganos de goberno da Asociación son: a Asemblea Xeral e o órgano de representación, chamado Xunta Directiva.



Artigo 13. A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación, integrado por todos os asociados por dereito propio irrenunciabile e en igualdade absoluta, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna.

Todos os membros quedarán suxeitos aos acordos da Asemblea Xeral, incluso os ausentes, os disidentes e os que aínda estando presentes se absteñan de votar.

Artigo 14. Reunións da Asemblea

A Asemblea Xeral reunirase en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano dentro do primeiro trimestre coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Memoria de actividades do ano anterior.
3. Lectura do estado de contas e do presuposto para a súa aprobación.
4. Información aportadas pola Xunta Directiva.
5. Renovación de cargos se fose preciso.
6. Rogos, preguntas e proposicións.

O referido orde do día poderá ser ampliado nos asuntos de interese que se teñan por convenientes e todos aqueles aspectos que requiran aprobación.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario sempre que sexa necesario o requirimento da Xunta Directiva ou ben cando o soliciten un número de membros da Asociación que represente como mínimo un terzo da totalidade, expresándose na orde do día ou obxecto concreto de tal Asemblea. Á orde do día engadirase ao apartado de rogos, preguntas e proposición, á fin de coñecer as



suxestións e aspiración dos asociados sobre o tema concreto.

Artigo 15. Convocatoria das Asembleas

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinaria como extraordinarias, faranse por escrito ou por correo electrónico. Os anuncios da convocatoria colocaranse nos lugares de costume con quince días de antelación como mínimo. Sempre que sexa posible convocarase individualmente a todos os membros. A convocatoria expresará o día, a hora e o lugar da reunión, así como tamén a orde do día.

O inicio das reunións da Asemblea Xeral, serán destinados ao Presidente ou Presidenta e ao Secretario ou Secretaria da mesma.

O Presidente ou Presidenta dirixirá os debates, procurando que, dentro da debida orde e disciplina ou de tempo dispoñible, cada socio poida expoñer e defender a súa opinión. En caso de incidente grave o presidente ou presidenta poderá suspender a sesión, anunciando en voz alta o día e a hora na que se reanudará.

O secretario ou secretaria redactará a Acta de cada reunión que reflectirá un extracto das deliberacións, o texto dos acordos que se adoptaran e o resultados numéricos das votacións. O comezo de cada reunión da Asemblea Xeral lerase a Acta da reunión anterior a fin de que se aprobe ou non.

Artigo 16. Competencias e validez dos acordos

1. A Asemblea quedará constituída validamente en primeira convocatoria coa asistencia dun mínimo dun vintecinco por cento dos socios; e na segunda convocatoria, sexa cal sexa o número de socios. A segunda convocatoria terase que celebrar media hora despois que a primeira e no mesmo lugar.



2. Nas reunións da Asemblea Xeral, corresponde un voto a cada membro da Asociación.

3. A Asemblea Xeral ten as seguintes facultades:

- A. Aprobar a xestión do órgano de administración.
- B. Examinar e aprobar ou rexeitar os presupostos anuais de ingresos e gastos, así como a memoria anual de actividades.
- C. Establecer as liñas xerais de actuación que permitan a Asociación cumprir os fins.
- D. Dispoñer todas as medidas encamiñadas a garantir o funcionamento democrático da Asociación.
- E. Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- F. Elixir e destituír ós membros do órgano de representación.
- G. Adoptar os acordos referentes a:
 - Expulsión dos socios, a proposta do órgano de representación.
 - Constitución de Federación ou de integracións nelas.
 - Solicitud de declaración de utilidade pública.
 - Disolución da Asociación.
 - Modificación dos Estatutos.
 - Disposición e enaxenación dos bens.
 - Remuneración, no seu caso, dos órganos de representación.

4. A relación das facultades indicadas neste artigo, teñen un carácter meramente enunciativo e non supón ningunha limitación.



5. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes ou representada, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou enaxenación de bens e remuneración dos membros do órgano de representación, sempre que se convocara especificamente con tal obxecto a Asemblea correspondente.
6. O voto do presidente é de calidade.
7. As reunións da Asemblea Xeral tamén poderán celebrarse por videoconferencia sempre que todas as persoas que tivesen dereito de asistencia dispoñan dos medios necesarios, o Secretario recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá ás direccións de correo electrónico
8. Os acordos da Asemblea Xeral poderán adoptarse mediante votación por escrito e sen sesión sempre que o decida o Presidente. O Secretario deixará constancia en acta dos acordos adoptados, expresando o nome dos asembleístas e o sistema seguido para formar a vontade da Asemblea, con indicación do voto emitido por cada un deles. Neste caso, considerarase que os acordos foron adoptados no lugar do domicilio social e na data de recepción do último dos votos emitidos.

Capítulo VI

O Órgano de representación

Artigo 17. Composición do órgano de representación

A Asociación rexerá, administrará e representará o órgano de representación dominado Xunta Directiva, que estará formado polo Presidente, un Vicepresidente,



un Secretario e un Tesoureiro, todos eles elixidos entre os socios numerarios polo sufraxio libre e segredo.

Son requisitos imprescindibles ser: socio numerario, ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso en motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Os cargos de presidente/a, secretario/a e tesoureiro/a deben recaer en persoas diferentes, e, se é posible, o presidente/a propondrá que os cargos de secretario/a e tesoureiro/a sexan membros da súa provincia.

O exercicio dos cargos será gratuíto.

Artigo 18. Duración do mandato na Xunta Directiva

Os membros da Xunta Directiva, exercerán o cargo durante un período de catro anos, podendo ser reelixidos por iguais períodos.

O cese no cargo antes de extinguirse o término regulamentario poderá deberse a:

- a. Dimisión voluntaria presentada mediante un escrito no que razoen os motivos.
- b. Enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.
- c. Causar baixa como membro da Asociación.
- d. Sanción imposta por unha falta cometida no exercicio do cargo.
- e. A perda da calidade de socio numerario
- f. A non asistencia a tres sesións consecutivas da Xunta Directiva.

As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Non obstante, o órgano de representación poderá contar, provisionalmente, ata a próxima Asemblea Xeral, cun membro da Asociación para o cargo vacante.



Artigo 19. Competencias da Xunta Directiva

A Xunta Directiva posúe as facultades seguintes:

1. Ostentar e exercitar a representación da asociación e levar a término a dirección e a administración da maneira máis ampla que recoñeza a lei e cumprir as decisións tomadas pola Asemblea Xeral, e de acordo coas normas, as instrucións e as directrices xerais que a Asemblea Xeral estableza.
2. Tomar os acordos necesarios para a comparecencia ante os organismos públicos, para o exercicio de toda a clase de accións legais e para interpoñer os recursos pertinentes.
3. Resolver sobre a admisión de novos asociados, levando a relación actualizada de todos os asociados.
4. Propoñer á Asemblea Xeral o establecemento das cotas que os membros da Asociación teñan que satisfacer.
5. Convocar as Asembleas xerais e controlar que os acordos que alí se atopen, se cumpran.
6. Comunicar ao Rexistro da Asociación, a modificación dos Estatutos acordada pola Asemblea Xeral no prazo dun mes.
7. Presentar o balance e o estado de contas de cara exercicio á Asemblea Xeral para que os aproben, e confeccionar os presupostos do exercicio seguinte.
8. Levar unha contabilidade conforme ás normas específicas que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade.
9. Efectuar o inventario dos bens da Asociación.
10. Elaborar a memoria anual de actividades e sometela á aprobación da Asemblea Xeral.



11. Resolver provisionalmente calquera caso non previsto polo presentes Estatutos e dar conta na primeira Asemblea Xeral subseguinte.
12. Calquera outra facultade que non estea atribuída dunha maneira específica a algún outro órgano de goberno da Asociación ou que se delegue expresamente na Xunta Directiva.

Artigo 20. Reunións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva, convocada previamente polo presidente/a ou pola persoa que o substitúa, reunirase en sesión ordinaria coa periodicidade que seus membro decidan, pero, en todo caso non poderá ser superior a dous meses.

A Xunta Directiva quedará validamente constituída con convocatoria previa e un quórum da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria, e cos que acudan en segunda convocatoria.

Reuniranse en sesión extraordinaria cando a convoque con este carácter o Presidente/a ou ben se o solicita un terzo dos seus compoñentes.

Os membros da Xunta Directiva están obrigados a asistir a todas as reunións que se convoquen, podendo escusar a súa asistencia por causas xustificadas.

En calquera caso, será necesaria a asistencia do presidente/a e do secretario/a ou das persoa que os substitúan.

Na Xunta Directiva tomaranse os acordos por maioría simple de votos dos asistentes. En caso de empate, o voto do presidente será de calidade.

Os acordos da Xunta Directiva deben constar no Libro de Actas.

O iniciarse cada reunión do mesmo, lerase a Acta da sesión anteriores para que se aprobe ou se rectifique.



Artigo 21. O presidente/a

O presidente da Asociación, tamén será presidente da Xunta Directiva.

Son propias do presidente as seguintes funcións:

- a. As de dirección e representación legal da Asociación, por delegación da Asemblea Xeral e do órgano de representación.
- b. A Presidencia e a dirección dos debates dos órganos de goberno e de representación.
- c. Firmar as convocatorias, as reunións da Asemblea Xeral e de órgano de representación.
- d. Visar as actas e os certificados confeccionados polo secretario da Asociación.
- e. As atribucións restantes propias do cargo e as que lle delegue a Asemblea Xeral ou o órgano de representación.
- f. En caso de urxencia, adoptar as resolucións que considere oportunas e precisas.

Ao presidente substituirao, en caso de ausencia ou enfermidade, o vicepresidente/a ou, no seu defecto, o vocal de maior idade da Xunta Directiva.

O presidente pode delegar funcións noutros membros da Xunta Directiva.

O vicepresidente substituirá o presidente nos casos de ausencia, enfermidade ou baixa, ademais de ser membro de comisións e de realizar os cometidos que lles asigne a Xunta Directiva.



Artigo 22. O tesoureiro/a

O tesoureiro terá como función a custodia e o control dos recursos da Asociación, así como elaboración do presuposto, o balance e liquidación de contas, a fin de sometelos ó órgano de representación, conforme se determina no artigo 17 destes estatutos.. Firmará os recibos, cotas e outro documentos de tesourería, pagará as facturas aprobadas polo órgano de representación, as cales terán que ser visadas previamente polo presidente.

Artigo 23. O secretario/a

O secretario debe custodiar a documentación da Asociación, redactar e firmar as actas das reunións dos órganos de goberno e representación, redactar e autorizar as certificación que haxa que librar, así como ter actualizada a relación dos asociados.

O vicesecretario substituirá o secretario en caso de ausencia, enfermidades ou baixa, ademais de ser membro de comisión e de realizar os cometido que lles asigne a Xunta directiva.

Os demais vocais desempeñarán as misións, servizos, delegacións ou substitucións que lles asigne a Xunta Directiva.

Artigo 24. Os delegados/as

As persoas delegados ou delegadas da Asociación participaran activamente participando nas actividades organizadas en AGMAL e apoiando o traballo da Xunta Directiva.



Capítulo VII

O Réxime económico

Artigo 25. Presuposto inicial e recursos económicos

O patrimonio inicial da Asociación queda constituído coas cotas aprobadas en sesión da Asemblea Xeral de Constitución.

O presuposto anual será aprobado cada ano na Asemblea Xeral Ordinaria, sen que os gastos poidan ser superiores ós ingresos.

Os recursos económicos da Asociación nutriranse:

- a. Das cotas que fixe a Asemblea Xeral os seus membros.
- b. Das subvencións oficiais e particulares.
- c. Donación, herencias, legados.
- d. Das rendas do mesmo patrimonio ou ben doutros ingresos que poidan obterse.

A Asemblea Xeral á vista do estado de contas e do presuposto anual, poderá designar a tres socios numerarios para que revisen os libros de contabilidade e efectúen as comprobación necesarias.

Artigo 26. Beneficio das actividades

Os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as presentacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Asociación, sen que, en ningún caso o seu reparto entre os asociados ou cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación



de afectividades, nin entre seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 27. Cotas

Todos os membros da Asociación teñen obrigaón de sostela economicamente, mediante cotas ou derramas, e na proporción que determine a Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral poderá establecer cotas de ingreso, cotas periódicas mensuais e cotas extraordinarias.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e quedará pechado o 31 de decembro.

O patrimonio inicial da asociación é de cero euros.

Artigo 28. Disposición de Fondos

Nas contas correntes ou cadernos de aforros abertos en establecementos de crédito, deben figurar a firma do/a presidente/a e do/a tesoureiro/a.

Todos os fondos da Asociación ingresarase nunha conta corrente aberta a nome da mesma nunha oficina bancaria da localidade onde estea domiciliada a Asociación e da que unicamente poderá efectuarse extracción de fondos por medio do tesoureiro co Vº Bº do presidente.



Capítulo VIII

Disolución da asociación

Artigo 29. Causas de disolución e entrega do remanente

A asociación poderá ser disolta:

- Se así o acorda a Asemblea Xeral convocada expresamente para este fin e co voto favorable de mais de dous terzos dos asistentes con dereito a voto. A pesar do anterior, a Asociación non poderá ser disolta a condición de que haxa un mínimo de socios que desexen asumir os cargos da Xunta Directiva e ademais, vinte socios numerarios que estean dispostos a continuar asociados e cumprir os Estatutos.
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por sentenza xudicial firme

Artigo 30. Liquidación

A disolución da asociación abre o período de liquidación ata o fin do cal a entidade conservará a súa entidade xurídica.

Os membros da Xunta Directiva no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo que a Asemblea Xeral designe a outros, ou ben os que o Xuíz, no seu caso, decida.



- Corresponde aos liquidadores:
 - Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas.
 - Cobrar os créditos da Asociación.
 - Liquidar o patrimonio e pagar aos acredores.
 - Aplicar os bens sobrantes da Asociación aos fins previstos polos Estatutos.
 - Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro correspondente.

En caso de insolvencia da Asociación, o órgano de representación ou, se é o caso, os liquidadores, han de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o Xuíz competente.

O remanente neto que resulte da liquidación destinarase directamente a entidades dedicadas a rehabilitación de nenos con deficiencias de audición e linguaxe.

Os asociados non responden persoalmente as débedas da Asociación.

Os membros ou titulares dos órganos de goberno e representación, e as demais persoas que obren en nome e representación da Asociación, responderán ante esta, ante os asociados e ante terceiros polos danos causados e as débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.



Capítulo IX

Interpretación e reforma dos estatutos

Artigo 31. Interpretación e reforma dos Estatutos

Corresponde á Xunta Directiva salvar as omisións e interpretar os estatutos, ata que a Asemblea Xeral resolva definitivamente.

Para a reforma dos Estatutos é preciso que se reúna con carácter extraordinario a Asemblea Xeral e aprobe as modificacións na forma prevista no artigo 16.

Artigo 32. Funcionamento democrático

O funcionamento da Asociación axustarase en todo momento a principios democráticos.



Dilixencia

Os presentes Estatutos foron aprobados pola Asemblea Extraordinaria da "Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe" en data 27 de setembro do 2021.

Asinado en 30 de setembro do 2021,

Presidenta María Pilar Rivas Mallo 47356603V	Secretaria Elena Fernández Carrillo 32691288P
Tesoureira e Vicepresidenta Andrea Roca García 33554850N	Vicesecretaria Sara Rodríguez da Silva 35581402B

